

Consumo de Drogas e Uso Problemático de Internet entre os adolescentes de SANTIAGO DE COMPOSTELA



Unidade de Psicoloxía do Consumidor e Usuario (USC)

Proxecto de Investigación financiado polo Plan Nacional sobre Drogas (2014-2017)

Xuño 2017

CONCELLO SANTIAGO DE COMPOSTELA



OBXECTIVOS

1. Coñecer os niveis de consumo de alcohol e outras drogas entre os adolescentes, estimando á súa vez o posible consumo de risco.
2. Estudar os hábitos de uso da Internet e as Novas Tecnoloxías (NT), a incidencia de Uso Problemático, así como de condutas de ciberacoso e determinadas prácticas de risco na Rede (*sexting*, contacto con descoñecidos, xogo en liña/apostas na Rede, etc.).

MOSTRA


- **2391 adolescentes pertencentes a 7 centros públicos do Concello de Santiago de Compostela:** I.E.S. Arcebispo Xelmírez I, I.E.S. Arcebispo Xelmírez II, I.E.S. Eduardo Pondal, I.E.S. Sar, I.E.S. Lamas de Abade, I.E.S. Pontepedriña e I.E.S. Antonio Fraguas. Distribución por sexo: 50,3% homes e 49,7% mulleres, con idades comprendidas entre os 12 e os 18 anos (Media: 14,82; DT: 1,85). Distribución por cursos: 1º da ESO: 17,4%; 2º da ESO: 17,5%; 3º da ESO: 14,9%; 4º da ESO: 14,1%; 1º Bacharelato: 20,3% e 2º Bacharelato: 15,9%.

- Exemplo de colaboración (institucións e persoas)
- Exercicio de responsabilidade e de compromiso
- Ferramenta de traballo, avaliación e mellora


CONCELLO SANTIAGO DE COMPOSTELA

HÁBITOS DE CONSUMO DE ALCOHOL E SUBSTANCIAS


Consumo de alcohol/substancias



Idade de inicio consumo (anos)



Consecuencias do consumo de alcohol



CONCELLO SANTIAGO DE COMPOSTELA

SCREENING CONSUMO DE RISCO

	AUDIT (Alcohol)	CAST (Cánnabis)	POSIT (Drogas en xeral)
	30,1%	7,5%	37,9%
Homes	29,1%	9%	35,7%
Mulleres	31,1%	6%	40,3%
Primeiro Ciclo (1º e 2º ESO)	7,6%	1,8%	10%
Segundo Ciclo (3º e 4º ESO)	31,9%	8,7%	42,6%
Bacharelato	50,3%	12,1%	61,2%

Os consumos potencialmente de risco son realmente preocupantes, especialmente no caso das mozas e no bacharelato, o que recalca a necesidade de revisar os esforzos a nivel preventivo.

CONCELLO SANTIAGO DE COMPOSTELA

USO DO MÓBIL


O 90,2% teñen móbil con datos

Levan o móbil á clase



1º ESO: 27,2%
4º ESO: 73%
2º Bachillerato: 92,9%

Utilizan o móbil durante as horas de clase




1º ESO: 2,2%
4º ESO: 18,9%
2º Bachillerato: 32,3%

CONCELLO SANTIAGO DE COMPOSTELA


USO DA REDE

Frecuencia de conexión



1º ESO: 62,7%
4º ESO: 95,3%
2º Bachillerato: 98,2%

Horas de conexión diaria




O 31% conéctase a Internet máis de 5h ao día

1º ESO: 12,3%
4º ESO: 37,3%
2º Bachillerato: 41,7%

CONCELLO SANTIAGO DE COMPOSTELA

USO DA REDE


Teñen o teléfono móbil na súa habitación durante a noite



Case o 65% dorme co móbil ao lado

1º ESO: 38%
4º ESO: 67,5%
2º Bachillerato: 87,5%

Conéctanse a partir de media noite




1 de cada 4 adoita conectarse a Internet a partir das doce da noite

1º ESO: 7,5%
4º ESO: 35,9%
2º Bachillerato: 44,2%

CONCELLO SANTIAGO DE COMPOSTELA

USO DA REDE / PAPEL DOS PAIS

Redes sociais e mensaxería instantánea




9 de cada 10 está rexistrado nalgunha rede social e o 63,5% en 3 ou máis. O uso da mensaxería instantánea é masivo

1º ESO: 32,8%

4º ESO: 73,9%

2º Bachillerato: 81%

Papel dos pais




Os pais “aconsellan” pero nin controlan nin limitan


CONCELLO SANTIAGO DE COMPOSTELA

PRÁCTICAS DE RISCO

Conduitas relacionadas co sexting



Nos últimos 12 meses...



CONCELLO SANTIAGO DE COMPOSTELA

SCREENING DO USO PROBLEMÁTICO DE INTERNET E CIBERACOSO

	EUPI-a (Uso Problemático da Internet)	CIBERACOSO		Vítimas/agresoras
		Vítimas	Agresores	
	17,4%	14,7%	15,4%	4,9%
Homes	14,6%	15,1%	16%	5,3%
Mulleres	19,9%	14%	14,6%	4,4%
Primeiro Ciclo (1º e 2º ESO)	12,1%	11,1%	9,5%	3,5%
Segundo Ciclo (3º e 4º ESO)	17,6%	20,2%	19,5%	7,2%
Bacharelato	22,2%	13,9%	17,8%	4,4%

CONCLUSIÓNS

- 1. Tense detectado un repuntamento nos niveis de consumo de drogas, que aínda así se sitúan por debaixo do conxunto do estado, pero lixeiramente por enriba do conxunto de Galicia, especialmente os consumos de risco, tanto no caso do alcohol (AUDIT) como do cannabis (co CAST). Este feito pode explicarse por diferentes elementos:**
 - Os maiores niveis de consumo detectados nas áreas urbanas
 - A banalización progresiva do consumo (especialmente no caso do *Binge Drinking* e do cannabis)
 - A incorporación preocupante da muller o consumo
 - Os consumos a idades cada vez mais temperás
 - As carencias na prevención familiar
- 2. O uso de Internet e as redes sociais é un fenómeno xeneralizado entre os adolescentes: 9 de cada 10 dispoñen de teléfono móbil con datos; un 86,4% conéctase tódolos días; o 96,2% son usuarios de Whatsapp; o 90% está rexistrado como mínimo nunha rede social e un 63,5% en tres ou máis. Todas estas cifras alcanzan case o 100% en segundo ciclo da ESO e no Bacharelato.**
- 3. A prevalencia do uso problemático de Internet sitúase lixeiramente por debaixo da rexistrada para o conxunto de Galicia (17,4% vs. 18,4%), sendo maior no caso das mulleres (5 puntos).**
- 4. Pola súa banda as cifras de prevalencia de ciberacoso sitúanse entorno ó 15%, alcanzando os seus maiores niveis no segundo ciclo da ESO (1 de cada 5). Compre salientar ademais se trata de un fenómeno trasnversal, xa que a diferenza do acoso tradicional non hai diferenzas significativas entre mozos e mozas, nen a nivel de vítimas nen de agresores. É importante subliñar que 1 de cada 3 vítimas de ciberacoso son tamén agresores, e viceversa.**

CONCLUSIÓNS

5. **Máis alá das vantaxes que supón a evolución tecnolóxica, existen unha serie de condutas indicativas dun uso pouco saudable da Rede, ás que cómpre prestar especial atención e que xustifican un traballo específico a nivel preventivo:**
 - Un 31% dos adolescentes sinala estar conectado a Internet máis de 5 horas ao día
 - 1 de cada 4 conéctase a partir da media noite (triplicándose as condutas de risco nesta franxa horaria)
 - Máis da metade levan o móbil á clase habitualmente e o 31,7% conéctase durante as horas lectivas, o cal concorda cos problemas de convivencia escolar que reflicten diferentes entidades
 - Implícanse en numerosas prácticas de risco: *sexting*, contacto con descoñecidos, xogo *on line*... Moito mais do que puidéramos pensar
6. **Aínda que un 58% refiren que seus pais se preocupan polo uso que fan de Internet ou do móbil, só 1 de cada 4 indica que realmente os controlan ou limitan,** revelando a necesidade de traballar na prevención familiar.
7. Por último, **tense constatado unha estreita relación entre os problemas relacionados co alcohol e outras drogas e o Uso Problemático da Internet ou o propio ciberacoso, con taxas de risco ata 10 veces maiores.**